

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NAS TAREFAS DE MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE COMUNICACIÓNS DO IES LEIRAS PULPEIRO

1. OBXECTO

Este documento pretende ser un resume da organización das tarefas relacionadas co mantemento da infraestrutura de comunicacións que afecta ás actividades relacionadas coas TIC no IES Leiras Pulpeiro.

2. TIPOS DE MANTEMENTO

As tarefas de mantemento poden ser:

- a) **Reparacións e solucións de avarías.** Son as tarefas que se producen a causa do mal funcionamento dun determinado equipo informático ou de comunicacións, ou dunha eventual avaría.

Este tipo de tarefas son detectadas por calquera membro da comunidade educativa e a súa resolución leva acompañada frecuentemente certa urxencia.


Exemplos claros de este tipo de tarefas son a reconfiguración de ordenadores, substitución de compoñentes informáticos en ordenadores do profesorado ou aulas, instalación de novo software ou configuración do software existente, substitución de un *switch* ou un *router*, *back-up* e *disaster recovery* en servidores, entre outras.

- b) **Ampliacións, melloras ou cambios na infraestrutura.** Son tarefas orientadas á substitución de equipos ou colocación de outros novos co obxecto de mellora-lo desempeño da infraestrutura do IES en relación ás TIC.

Este tipo de tarefas normalmente leva acompañada unha planificación que debe tentar minorar ao máximo os efectos negativos que podan ter as eventuais caídas do servizo e sempre deberá ser notificado con antelación o persoal afectado co obxecto de que eses usuarios podan preve-la situación e así non se vexan afectadas as súas actividades.

Son tarefas de este tipo de mantemento o cableado dunha nova aula, colocación de *switchs* adicionais, reconfiguración de VLANs, cambios de dirección IP, instalación de novos *routers/firewalls*, cambios na configuración das conexións (portas de enlace, etc.), entre outros.

3. ESQUEMA DE ACTUACIÓN



NOTA: no esquema anterior, os procesos encerrados na liña a trazos son susceptibles de realizarse mediante colaboración externa, tanto na parte de planificación como na execución.